

**Xosé Carlos Caneiro***Como Laura*

**S**igo mantendo con paixón algunhas teses sobre as grandes novelas. En primeiro lugar deben estar escritas dende a depuración técnica, é dicir, un novelista óptimo debe escribir mellor que calquera outro redactor de literaturas. En segundo lugar, deben instalarse no interior dos personaxes, é dicir, non cabe simplemente relatar andanzas, venturas e desventuras: se unha novela non arranca do corazón para chegar, tamén, ao corazón, non é unha gran novela. En terceiro lugar, debe erixirse como propia, é dicir, substantivarse como diferente, diferenciada, tanxente con determinados códigos estéticos que distingan ao seu autor. Se a todo isto engadimos que a novela é ambiciosa, porque non se remite ás modas; depurada, porque se nota corrixida mil veces (Cortázar, mestre amado, dicía que escribir consistía en ler moito, escribir moito, tirar moito); estimulante, porque rompe códigos mansos dunha literatura excesivamente mansa e correctísima en moitas ocasións; porosa, porque en cada páxina un redescobre o pracer da literatura, toca as súas aristas, percibe o seu recendo... iso que algúns críticos chaman atmosfera e eu quero chamar alma; social, porque transcende o particular para devir en emocións compartidas polo xénero humano... e podería seguir, pero comprenderán, a pesar de caer no anacoluto, que non estou a impartir unha lección de teoría literaria (esa disciplina tan distante, ultimamente, das estéticas e tan próxima ás ideoloxías), senón que só quero recomendarlles unha desas novelas. Escrita dende a vocación dun autor polo que sinto respecto e admiración profesional, cariño persoal (espero que esta afirmación non lle faga dano a Antón Riveiro Coello) e estima de letrafeido. Se aínda non mercaron / leron *Laura no deserto*, pídolles que non deixen de facelo. É unha grande novela, desas das que lles falaba ao comezo. Unha novela imprescindible. Narrada por moitos narradores, ubicada en moitos lugares, polivalente nos seus sentidos, polifónica, catro novelas en unha, catro libros para conformar unha obra que só merece o meu aplauso e, dou fe con esta columna, o meu compromiso de estender todo o meu esforzo para que sexan moitos os que poidan gozala. Obras como esta son as que construírán unha literatura perdurable, eterna, capaz de desafiar aos tempos, os malos tempos. Contra eles levantei sempre a miña literatura. Contra eles clamei. Aínda que fose no deserto, como Laura.